



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Asistencia xurídica gratuita

CONVOCATORIA: Convocatoria xustiza

GRUPO: Cursos Xustiza

ÁREA: Itinerarios formativos

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	XUSTIZA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓ:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 26/02/2019 - 08:00h ao 11/03/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓ DO CURSO

O contido do presente curso comeza coa análise xeral da normativa actual (Lei 1/96, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita e do Decreto 269/2008, de 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuita de Galicia) desenvolvendo os distintos supostos de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuita, as prestacións que comprenden dito dereito, as actuacións ante os colexios de avogados, así como a composición e funcións das Comisións de asistencia xurídica gratuita.

Posteriormente, analizaranse as distintas actuacións relacionadas coa xustiza gratuita que na práctica se pode atopar o funcionario ao servizo da administración de xustiza no seu posto de traballo, segundo as súas funcións e ordes xurisdiccionais nas que preste os seus servizos: insostibilidades, violencia de xénero, causas penais, desafiuzamentos, familia, etc.

DESTINATARIOS

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

- Ámbito persoal de aplicación: os criterios para determinar a insuficiencia de recursos para litigar, o recoñecemento xeral do dereito.
- O contido material do dereito á asistencia xurídica gratuita na Lei 1/96, do 10 de xaneiro. Supostos excepcionais.
- Competencia e procedemento de recoñecemento do dereito: actuacións ante os colexios de avogados. As comisións de asistencia xurídica gratuita: composición e funcións.
- Actuacións do funcionario en materia de xustiza gratuita, con especial referencia aos supostos de violencia de xénero, procesos penais, desafiuzamentos e familia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 20/09/2019 a 10/10/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 16/10/2019 ás 19:00h

DOCENTES NOMEADOS

CESAR ANTONIO DOMINGUEZ NOCELO

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): O día 16 de outubro de 19:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 16 de outubro de 19:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA: Soto do Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Praza Luis Seoane s/n.

FERROL: 1ª planta, Oficina Coordinadora da Delegación de Presidencia e Administración Pública, Praza Camilo José Cela, s/n

LUGO: Baixo, 2º, Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Ronda da Muralla, 70.

OURENSE: 7ª andar, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. Habana, 79.

PONTEVEDRA: Baixo, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. María Victoria Moreno, 43.

VIGO: 8º andar, Edificio Administrativo, Praza da Estrela, 9A.